

ANUNCIO

SECRETARÍA

DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

O día 30/03/2022 ditouse a Resolución da Alcaldía número 248/2022 que segue:

AUSENCIA da Alcaldía dende o día 31 de marzo ao 2 de abril de 2022

Por ter que ausentarme da Alcaldía os días **31 de marzo, 1 e 2 de abril de 2022**, de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e no artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, DISPOÑO:

PRIMEIRO

Delegar as funcións da Alcaldía durante o citado período na 1ª Tenente de alcalde, Dona María del Carmen Figueira Ares.

No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade do anteriormente indicado, as referidas funcións pasarían automaticamente aos demais tenentes de alcalde, segundo a orde de nomeamento.

No suposto que o abaixo asinante alcalde se reincorporase ás súas funcións antes de ter transcorrido o período expresado no apartado núm. 1 da presente resolución, a presente delegación quedaría automaticamente revogada.

SEGUNDO

Que as resolucións Administrativas que se adopten no exercicio desta delegación, se notifiquen ao interesado con indicación de dita circunstancia.

TERCEIRO

Notificar o presente Decreto ao interesado, procedéndose a súa publicación no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Rianxo, a 30 de marzo de 2022

O Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez